

MPN/mag

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN MUNICIPAL, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E COHESIÓN SOCIAL DO DÍA 22/10/2021

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
SUPLENTE	D ^a . Olga María García Ballesteros
VOGAIS:	D ^a . Ana María Mejías Sacaluga D. Gorka Gómez Díaz D ^a . Raquel Giráldez Armas D. Manuel González Martínez D. Gregorio Agís Gómez D ^a . Iria Lamas Salgueiro D. José Carlos López Campos D. Jorge Cubela López D. Miguel Domínguez Alfonso D ^a . María Paz Lago Martínez D. Ignacio Maril Pardo D. José Alfonso Marnotes González D. Javier Tourís Romero D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo D ^a . María Ortega Iñarrea, en substitución de D. Uxío Benítez Fernández

Sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e dous de outubro do ano dous mil vinte e un, reúnen-se no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Actúa como secretaria a Xefa do Servizo de Cooperación, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión extraordinaria celebrada o vinte de setembro do ano dous mil vinte e un co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO “XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO” (expediente núm. 2021045888)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta do seguinte informe sobre o convenio de colaboración tramitado polo Servizo de Cooperación:

“ASUNTO.- INFORME SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN TRAMITADO POLO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Dáse conta á Comisión Informativa de Cooperación do informe sobre a aprobación do convenio de colaboración tramitado desde o Servizo de Cooperación e que se relaciona a continuación.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN		
DENOMINACIÓN	APROBACIÓN	EXPEDIENTE
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO E CELEBRACIÓN DO “XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO” NA CIDADE DE VIGO	Resolución Presidencial núm. 2021005471 de 22/09/2021	2021045888

O convenio referido ten por obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento do “XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO”, que tivo lugar entre o 29 de setembro e o 1 de outubro de 2021 na cidade de Vigo.

O custe total da actividade ascende a 177.367,00€, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado cunha achega da Deputación de Pontevedra de 25.000,00€ no exercicio 2021 e polo Concello de Vigo cunha achega de 5.492,00€.

No informe da intervención provincial de 21/09/2021 sobre o expediente de aprobación deste convenio dispónse que debía ser sometido ao ditame da correspondente comisión



informativa, ou no caso de urxencia debidamente xustificada dar conta con posterioridade á citada comisión.

A última sesión da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social celebrouse o 20/09/2021, e a periodicidade das súas sesións é mensual. Dada a data na que se reuniu a Comisión Informativa e na que emitiu informe a Intervención Provincial resultou imposible incluír a aprobación do convenio na última sesión celebrada da Comisión Informativa no mes de setembro.

Por último a celebración do “XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO” tivo lugar entre o 29 de setembro e o 1 de outubro de 2021 e así someter o expediente ó ditame previo da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperacións Transfronteiriza e Cohesión Social suporía un retraso na aprobación e sinatura do convenio que conllevaría que o mesmo entrase en vigor unha vez finalizadas algunhas das actividades obxecto do mesmo.

Exposta a urxencia debidamente motivada dáse conta á Comisión na súa primeira sesión dende a aprobación do convenio.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Xefa do Servizo de Cooperación,

(documento asinado electronicamente)

Asdo.: Marina Piñeiro Novo”

A Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social queda enterada da aprobación do convenio de colaboración referido “ut supra”.

3.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO CEIP XUNQUEIRA I E CEIP MARCÓN, NA CIDADE DE PONTEVEDRA (expediente núm. 2021047571)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante a Xunta de Goberno para a súa aprobación

“ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO CEIP A XUNQUEIRA I E CEIP MARCÓN, NA CIDADE DE PONTEVEDRA



Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- *No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a “MELLORA E ACONDICIONAMIENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO CEIP A XUNQUEIRA I E CEIP MARCÓN NA CIDADE DE PONTEVEDRA”, co obxectivo de mellorar a seguridade e a accesibilidade e adaptalos ás necesidades das nenas e nenos en idade escolar destes espazos nos centros educativos de titularidade municipal.*

- *Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, o 28/07/2021 e o 5/10/2021, con números de rexistro 2021018094 e 2021023218, o Concello de Pontevedra presenta no Rexistro Xeral unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do convenio.*

Asemade o Concello de Pontevedra o 5/10/2021, con núm. de rexistro 2021023218, achega os proxectos das devanditas obras, cun orzamento total 69.841,72€, IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado pola Deputación, cunha achega polo mesmo importe do orzamento total dos proxectos, no exercicio 2021.

- *Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.*
- *Tendo en conta todo o que antecede, dada conta da proposta de Convenio, e visto o informe da Xefa de Servizo de Cooperación no relativo ó interese público dos investimentos e o informe da Intervención Provincial, no que se manifesta a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 2021/942.9420.762.14 do orzamento provincial.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*



- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2021*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- *Artigo 25.2.n) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.ñ) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- *Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2021, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Procedencia do convenio

- *Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*



- *Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.*
- *Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.*
- *Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2021, dotación orzamentaria na aplicación 2021/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.*
- *Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.*

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra e da súa veciñanza, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a mellora e acondicionamento dos parques infantís do CEIP A Xunqueira I e CEIP Marcón no Concello de Pontevedra.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

*Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN*



ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO CEIP XUNQUEIRA I E CEIP MARCÓN, NA CIDADE DE PONTEVEDRA”

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, sométese a ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, a seguinte proposta de acordo:

- *APROBAR o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO CEIP XUNQUEIRA I E CEIP MARCÓN, NA CIDADE DE PONTEVEDRA” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:*

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO CEIP A XUNQUEIRA I E CEIP MARCÓN, NA CIDADE DE PONTEVEDRA

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e don José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario da Administración Municipal do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.



Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

EXPOÑEN

I. Que a Deputación e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plan e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Pontevedra veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas ou viarias, entre outras de carácter diverso.

III.- Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común a mellora das infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal, e dentro das súas funcións de colaboración interadministrativas, apoian o desenvolvemento de políticas que busquen tales obxectivos, que orientaron tamén a redacción do proxecto das obras de mellora e acondicionamento dos parques infantís dos centros públicos CEIP A Xunqueira I e CEIP Marcón, na cidade de Pontevedra.

A finalidade é garantir o acondicionamento dos parques infantís nos centros educativos para obter así espazos máis seguros, accesibles e adaptados as necesidades dos nenos e das nenas en idade escolar.

IV. Que o artigo 25.2.n) da LRBRL atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Por outra banda, o art. 36.1 da dita Lei encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación ten previsto na súa planificación a mellora das infraestruturas e equipamentos dos concellos da provincia.



V. Que a Deputación, nos orzamentos do ano 2021, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Pontevedra.

VI. Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; o artigo 57 da LRBRL; os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; así como no disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VII. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ambas administracións, que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación e mellora das infraestruturas e equipamentos para o disfrute da veciñanza, a Deputación e o Concello de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre o Deputación e o Concello de Pontevedra para desenvolver a realización de obras de mellora e acondicionamento dos parques infantís dos centros públicos CEIP A Xunqueira I e CEIP Marcón, na cidade de Pontevedra.

SEGUNDO. FINANCIAMENTO

As actuacións ás que se refire o presente convenio teñen un orzamento base de licitación de SESENTA E NOVE MIL OITOCENTOS CORENTA E UN EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (69.841,72€), IVE incluído, e financiaranse integramente pola Deputación con cargo á aplicación 21/942.9420.762.14 do vixente orzamento provincial.

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución das obras que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía



da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.

TERCEIRO. EXECUCIÓN

1. A execución das actuacións e contratos á que se refire o presente convenio, terá lugar durante o ano 2021, de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

Non obstante, o eventual reaxuste da anualidade da execución dos ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste da anualidade do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2. O proxecto técnico aprobado polo Concello de Pontevedra e que se achega ao presente convenio, determina o ámbito de actuación do convenio.

3. A Deputación poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

4. As actuacións realizadas no marco do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación. A dita comprobación material é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

CUARTO. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A achega ao Concello de Pontevedra farase efectiva mediante transferencia bancaria, unha vez presentada a seguinte documentación:

- Orixinal ou copia compulsada das facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos realizados.*
- Certificacións de obra executada. Xunto coa primeira certificación remitirase unha proba gráfica da difusión dada aos investimentos que se financian coa axuda da Deputación.*
- Xustificar no prazo máximo de tres meses, dende o fin das actuacións perante a Deputación as actuacións executadas.*
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.*
- Nomeamento do director de obra e coordinador de seguridade e saúde.*



- *Contrato de adxudicación da actuación.*
- *Acta de comprobación do replanteo, que se remitirá coa primeira certificación.*
- *Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.*
- *Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.*
- *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución do investimento, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada.

A documentación xustificativa verificarase polos servizos técnicos provinciais e fiscalizarase pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

QUINTO. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Pontevedra obrígase a:

- *Redactar e aprobar a documentación técnica pertinente e o correspondente proxecto de obra, asumindo o seu custo, e debendo remitila aprobada á Deputación.*
- *Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir unha copia do acordo á Deputación.*
- *Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- *Licitar, dirixir, executar, controlar e recibir a obra segundo a documentación técnica pertinente e o correspondente proxecto técnico.*
- *Remitir, unha vez formalizado o contrato de obra, unha copia deste á Deputación, e comunicar a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente un representante da Deputación.*
- *Xustificar perante a Deputación o investimento realizado mediante a expedición das correspondentes certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello; aboándose para cada certificación que se presente a parte proporcional en relación ao custo total do investimento.*
- *Comunicar á Deputación a data e hora en que terá lugar o acto de recepción das obras,*



- ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da institución provincial.*
- *Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que as obras obxecto do presente convenio se levaron a cabo en colaboración coa Deputación.*
 - *Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción das obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.*
 - *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
 - *Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
 - *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*
 - *Cumprir as obrigas contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no seu regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.*

SIXTO. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación obrígase a:

- *Financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade disposta no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00€.*



SÉTIMO. PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas á actuación á que se refire o presente convenio figurarán en todos os formatos os logotipos da Deputación e do Concello de Pontevedra.

As accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación e o Concello de Pontevedra.

No cartel de obra figurará a imaxe corporativa da Deputación Provincial e o financiamento da administración provincial ás obras obxecto do presente convenio.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

NOVENO. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter



técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.*
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*

A comisión reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación ou na Casa do Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata a total execución do convenio que, en todo caso, non excederá do 30 de setembro de 2023.

DÉCIMO PRIMEIRO. EXTINCIÓN

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- O acordo unánime dos asinantes.*
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se



transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

- *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
- *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

DÉCIMO SEGUNDO. RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 e o Real Decreto 887/2006 nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario da Admón. Municipal do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro

A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, María del Carmen Silva Rego

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”.

- *FACULTAR á presidenta para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.*
- *DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.”*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e dos/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular (7), a proposta de acordo indicada “ut supra”



4.- DITAMINAR A APROBACIÓN DA ADDENDA Nº 3 AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO” (expediente núm. 2016046179)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DA ADDENDA Nº 3 AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.O. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO”, PARA A SÚA ADECUACIÓN TEMPORAL (expd. núm. 2016046179)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- *En data 20 de novembro de 2015, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, expresamente, na cooperación para a planificación e execución dos proxectos e actuacións sinalados na súa parte expositiva. Entre as actuacións a desenvolver estarían as relativas á promoción da cultura e equipamentos culturais e concretaríanse mediante a sinatura de convenios específicos, nos que deberán de especificarse as obrigas que asumirá cada unha das partes asinantes e os compromisos de financiamento que correspondan.*
- *Ó abeiro do referido protocolo asináronse diversos convenios. Uns cos que se pretende potenciar a participación da sociedade na cultura e educación, mediante o apoio a iniciativas tanto de fomento da cultura como dos equipamentos culturais e outros que permitiron a mellora das infraestruturas viarias e da mobilidade na cidade de Vigo, como o que nos ocupa.*
- *En data 28/12/2016 o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria, adoptou o acordo núm. 8.6889 polo que se aprobaba o “Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da Estrada Provincial E.P. Calvario- La Garrida. Tramo Igrexa de Beade-A Garrida (PO-330). Lugar de Porto e para a execución do proxecto de humanización da estrada*



provincial EP-2001 Calvario-La Garrida. Tramo Igrexa de Beade-A Garrida (PO-330). Lugar de Porto”.

- En data 30/12/2016 asinouse o citado Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, o cal tiña por obxecto artellar a colaboración entre ambas administracións co fin da cesión da estrada provincial E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO, entre o Regato Quintián e o nº 77, e execución do proxecto de humanización da citada estrada provincial, cun importe global de 3.457.005,00 € (IVE incluído).

Dito convenio distribuía o financiamento das actuacións nunha porcentaxe do 70% para a Deputación e do 30% para o Concello de Vigo, o que supoñía unha achega máxima de 2.419.903,50 euros e 1.037.101,50 euros respectivamente

- O financiamento da Deputación Provincial estaba destinado a financiar os custes derivados da realización das obras, redacción de proxecto, asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, fíxose con cargo á aplicación orzamentaria 2016/942.9420.762.14 (800.000,00 € previstos para o ano 2016) e con cargo a aplicación orzamentaria 2017/942.9420.762.14 (1.619.903,50 € previsto para o ano 2017).

Pola súa parte, o Concello de Vigo asumía o financiamento da realización das obras, redacción de proxecto, asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, distribuíndose en 207.420,30 euros para o 2017 e 829.681,20 euros para o 2018.

- En data 12/09/2018 réunese a “Comisión de Seguimento e Control” previsto no pacto “Sexto” do citado Convenio de Colaboración entre as administracións asinantes para estudar a posibilidade de prorrogar a vixencia do mesmo ante a documentación xustificativa da imposibilidade de finalización das obras obxecto do Convenio antes do 31/12/2018. A citada Comisión de Seguimento decide, por unanimidade, propoñer a prórroga do devandito convenio e en base a isto o 21/12/2018 o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra asinan a addenda que prorrogaba a vixencia do convenio ata o 31/12/2020.

- En data 11/12/2019 vólvese a reunir a citada “Comisión de Seguimento e Control” para estudar a proposta do Concello de Vigo de adecuar a vixencia temporal e o financiamento ó desenvolvemento da execución da obra do citado convenio. Nesta reunión da Comisión de Seguimento as partes, por unanimidade, deciden ampliar a vixencia do convenio, que se recolle na cláusula sétima, ata o 31/12/2021 e o importe que lle corresponde achegar ó Concello de Vigo e que se recolle na cláusula terceira do Convenio de colaboración (“Execución do convenio e Financiación”), así as achegas das partes quedaría como se indica na seguinte táboa:

	TOTAL DA APORTACIÓN	2016	2017	2018	2019	2020



Deputación Provincial de Pontevedra	2.419.903,50€	800.000,00€	1.619.903,50€	0,00€	0,00€	0,00€
Concello de Vigo	413.924,00€	0,00€	77.924,00€	0,00€	100.000,00€	236.000,00€
TOTAL	2.833.827,50€	800.000,00€	1.697.827,50€	0,00€	100.000,00€	236.000,00€

- Por último o Concello de Vigo, de acordo coa proposta de axuste de anualidades, comprometeuse en financiar calquera modificación ou alteración que se produza no ámbito de execución desta obra e que leve implícito un maior gasto en relación a financiación indicada.
- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria do 27/12/2019, a través do acordo núm. 6.7290, aprobou a “ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA CESIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE O REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO, E O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN, PARA A SÚA ADECUACIÓN FINANCEIRA E TEMPORAL” e o 27/12/2019 asinouse a mesma.
- Que en data 14/10/2021 reúnese a Comisión de Seguimento deste Convenio de colaboración e, en base a imposibilidade material de rematar as obras comprometidas antes do 31/12/2021, acorda por unanimidade propoñer a adecuación do prazo de execución das obras obxecto do citado convenio ata o 15/10/2022, mantendo o resto dos pactos do convenio asinado o 30/12/2016 e das addendas asinadas o 21/12/2018 e o 27/12/2019.
- Revisada polo Servizo de Cooperación a documentación incorporada ao expediente, solicítase informe da proposta de addenda á Intervención Provincial. Asemade, con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, sométese ao ditame da Comisión Informativa correspondente

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)



- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2021*

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- *Artigo 25.2 da LRBRL, que, en concordancia co artigo 80.2 da LALGA, atribúe, entre outras, ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*
- *Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*



- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2021, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Procedencia do convenio

- *Art. 47 e seguintes da LRXSP que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*
- *Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; asemade o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.*
- *Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2017/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cun contido non comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades Locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.*
- *Artigo 2 da LXS, polo que na súa virtude a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención; neste senso o artigo 22.2 sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Neste senso, xustifícase o interese público desta actuación en base a razóns competenciais xa*



analizados, a enorme repercusión socioeconómica de interese público das actuacións obxecto do convenio e a contribución á dinamización e a promoción socioeconómica e de seguridade viaria da zona.

- Asemade, no artigo 28.1 da LXS establécese que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.*
- Base 31ª das de execución do Orzamento provincial sobre os gastos plurianuais e, especialmente o seu apartado 1, que sinala que a autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ó crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos.*

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público e social que representa esta actuación, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra, despois de revisar a documentación presentada por aquel na Comisión de Seguimento e Control, conveñen na necesidade de facer un reaxuste da vixencia, para desenvolver o obxecto do mesmo.

A addenda proposta cumpre cos requisitos especificados no pacto “Sétimo” do Convenio de Colaboración asinado o 30/12/2016 e co establecido pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público no seu artigo 49.h) 2º respecto do prazo de vixencia do convenio.

*Por todo o exposto e a vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, **INFO** FAVORABLEMENTE a tramitación da ADDENDA Nº 3 AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO”, PARA A SÚA ADECUACIÓN TEMPORAL*

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16ª.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compételle ó Pleno a autorización e disposición dos gastos plurianuais cando non se cumpran os límites establecidos no artigo 174 do TRLRFL.

Asemade, de acordo co disposto no artigo 70.14 do ROFRXEL correspóndelle ó Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior



criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, sométese a ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- *APROBAR a ADDENDA Nº 3 AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO”, PARA A SÚA ADECUACIÓN TEMPORAL”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:*

“ADDENDA Nº 3 AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.O. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO”, PARA A SÚA ADECUACIÓN TEMPORAL

Na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,



EXPOÑEN

I.- Que con data de 30 de decembro de 2016 foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra para a iniciar o procedemento previsto na vixente Lei de Estradas de Galicia para a cesión por parte da Deputación Provincial ao Concello de Vigo da titularidade da “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO, entre o Regato Quintián e o nº 77” e articular a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o financiamento e a execución das obras precisas para a transformación e demais actuacións contempladas na “Memoria-resumo da AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77”.

II.- En relación a execución do citado convenio, ambas partes asinaron con data 21 de decembro de 2018, unha addenda para prorrogar a vixencia deste convenio, ampliándoo ata o 31 de decembro de 2020, e así mesmo con data 27 de decembro de 2019 foi asinada unha addenda nº2 que entre outros asuntos acorda ampliar a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2021.

III.- O pacto “SEXTO” do convenio prevé a constitución dunha COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL, que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación, a cal estará integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico. Entre as competencias de dita comisión de seguimento atópase a de “emisión informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.”

Dita Comisión de Seguimento reunirase cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

IV.- O pacto “Sétimo” indica en relación a vixencia do convenio que esta “poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes.”

V.- Que, en data 14 de outubro de 2021, a “Comisión de Seguimento” do convenio de colaboración obxecto deste expediente, en base a proposta realizada polo Concello de Vigo, acorda por unanimidade a proposta técnica realizada para a adecuación do prazo de vixencia do convenio, ampliando o mesmo ata o 15 de outubro de 2022, e proceder a dar traslado do mesmo a ambas entidades, para proceder ao desenvolvemento dos correspondentes expedientes administrativos conducentes a aprobación dunha addenda ao Convenio obxecto deste expediente de acordo cos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o prazo de vixencia do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto e para a execución do proxecto de humanización da estrada*



provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto”, modificando a cláusula sétima do convenio (“vixencia do convenio de colaboración”) asinado con data do 30/12/2016 e as addendas asinadas respectivamente con data 21/12/2018 e 27/12/2019, e ampliar o prazo de vixencia do mesmo ata o 15 de outubro de 2022.

SEGUNDO.- En todo o demais o texto do convenio asinado en data 30 de decembro de 2016, coas modificación introducidas polas addendas asinadas mantense invariable, suxeitándose as partes as cláusulas destes acordos.

VI.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación do prazo de vixencia do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO. EXPTE 4220/440". conforme ós seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o prazo de vixencia do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto e para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Bea-de a Garrida (PO 330). Lugar de Porto”, modificando a cláusula sétima do convenio (“vixencia do convenio de colaboración”) asinado con data do 30/12/2016 e as addendas asinadas respectivamente con data 21/12/2018 e 27/12/2019, e ampliar o prazo de vixencia do mesmo ata o 15 de outubro de 2022.

SEGUNDO.- En todo o demais o texto do convenio asinado en data 30 de decembro de 2016, coas modificación introducidas polas addendas asinadas respectivamente con data 21/12/2018 e 27/12/2019, que non sexan contrarios a este acordo mantense invariable, suxeitándose as partes as cláusulas destes acordos.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo

Asdo.: Abel Caballero Álvarez

A Secretaria do Goberno local
Concello de Vigo

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

Asdo.: María del Carmen Silva Rego

O Secretario Xeral da Deputación de
Pontevedra



Asdo.: Susana Gallardo Fariña

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

- *FACULTAR á Presidenta para formalizar o devandita addenda ó Convenio de Colaboración mediante a súa sinatura.*
- *DARLLE TRASLADO do presente acordo ó Concello de Vigo, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.”*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e dos/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular (7), a proposta de acordo indicada “ut supra”

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e dez minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria da Comisión,
(documento asinado electronicamente)
Marina Piñeiro Novo

